

A LONXA, UNHA PONTE ENTRE O MAR E O CONSUMIDOR



Como funciona?

As lonxas son os centros onde se realiza a primeira venda do peixe e marisco entre os pescadores e os compradores autorizados.

Á lonxa chega o peixe e o marisco que pescan os mariñeiros nas nosas costas, de maneira selectiva e artesanal.

Unha vez na lonxa a pesca clasifícase, pésase, e unha vez etiquetado dispónse en caixas para a súa posterior venda.

A poxa é cantada na maioría dos casos, podéndose realizar tamén por medios electrónicos. É sempre á baixa, vai do prezo máis alto ao máis baixo. Cando acada o prezo que interesa ao comprador, este para a poxa, berrando "meu", ou premendo o botón do seu mando a distancia.



Quen pode vender?

Na lonxa só poden vender os pescadores e mariscadores profesionais e os barcos pesqueiros legalmente autorizados.



As confrarías de pescadores...

Maiormente, os pescadores de baixura están agrupados nas confrarías de pescadores.

Estas organizacións, que teñen séculos de historia, son o principal órgano de representación dos profesionais do mar.

Xestionan concesións e autorizacións marisqueiras de forma que lles permite regular o mercado en función das calidades, tamaños e demandas; asesoran contable e fiscalmente aos seus asociados; interveñen como vendedores da pesca; facilitanlle a subministración de carnada, xeo..., serven de vehículo para transmitir as súas demandas ante as administracións, desenvolven plans de recuperación de caladoiros e bancos marisqueiros e un gran número de actividades e servizos que facilitan o traballo dos pescadores e mariscadores.

Quen pode comprar?

Na lonxa poden comprar aquelas persoas autorizadas e debidamente acreditadas:

- Os comerciantes por xunto compran para enviar aos distintos mercados e vendedores polo miúdo.
- Os industriais para ser transformado nas fábricas de conservas ou nos frigoríficos.
- Os vendedores polo miúdo compran para a venda nas súas peixerías normalmente do mercado local e ambulantes.
- Os pescadores e mariscadores que retiran o seu produto cando non acada bo prezo.

